

Letras e imaxes. Unha exposición para espertar a creatividade no alumnado: *Un ollar por Madrid*

Maria Colom¹; Paula Cousillas Pena²

Neste ano académico 2018-2019 as profesoras Maria Colom, de portugués, e Paula Cousillas, de galego, decidimos continuar a traballar co alumnado no proxecto *Un ollar por Madrid*, que iniciamos o curso pasado e que a propósito del pódese consultar a crónica “O alumnado como protagonista: Un ollar por Madrid”, publicado nesta mesma revista (núm. 21, 2018, pp. 413-414).

Tras a boa recepción desta actividade por parte do público e os obxectivos que esta persigue –tales como motivar o alumnado na aprendizaxe, aumentar a súa creatividade, mellorar as destrezas comunicativas do grupo ou proporcionar un espazo de visibilidade para as linguas galega e portuguesa–, decidimos que neste curso xa finalizado poderíamos realizar novamente a actividade.

De maneira breve, recordaremos que esta tarefa de aula consiste nunha exposición composta por relatos e fotografías realizados polo alumnado. Para levala a cabo, deberon inspirarse en diferentes espazos da xeografía e da vida madrileñas. Tendo isto como única pauta, ambos grupos tiveron que escribir un relato ao redor desa imaxe seleccionada.

Tras a corrección dos textos por parte nosa, o propio alumnado colocou a exposición en dous paneis que estiveron durante dúas semanas situados no edificio A da facultade de filoloxía da UCM. Este é, sen dúbida, un lugar estratéxico, pois é un espazo de axitado tránsito e, por tanto, onde moitas persoas se poden parar a observar a exposición e incluso tiñan a posibilidade de votar polos seus textos

preferidos. Neste sentido, e coa finalidade de animar a votación, preparamos unhas papeletas e unha caixa que serviu de urna. Cabe ressaltarmos, xa que logo, que actividade foi ben acollida polo público, pois houbo un número considerable de textos votados.



Alumnado montando os paneis coa exposición
Un ollar por Madrid

Para rematarmos con esta breve crónica e darmos paso aos textos gañadores, gustaríanos destacar o valor dos propios textos, pois da man deles puidemos descubrir a grande potencialidade creativa e reflexiva que o noso alumnado posúe. Finalmente, tamén nos gustaría agradecerlles a súa colaboración e a súa boa disposición para coa actividade, pois sen eles non sería posible levar a cabo este tipo de iniciativas tan dinámicas e entretidas, que permiten implicar o alumnado de forma directa e activa no proceso da súa propia aprendizaxe.

¹ Universidade Complutense de Madrid, Departamento de Estudios Románicos, Franceses, Italianos y Traducción. Correo-e: mariacolomjimenez@filol.ucm.es

² Universidade Complutense de Madrid, Centro de Estudos Galegos. Correo-e: paulacou@ucm.es

A diferenza do ano pasado, este curso decidimos publicar non só o texto máis votado, senón os textos máis votados tanto en galego como en portugués. Así, os textos gañadores foron, por unha parte, o da alumna Ana Novoa Paz co texto *O fogar é o que sentes*, escrito en galego; e, por outra parte, froito dun empate debemos mencionar a Claudia Iemmolo Barroso co texto *Saudade de ti* e a José Luis Herrera Valderrama co texto *O parque que reúne o mundo inteiro*, escritos en portugués.

A todos eles dámoslles a nosa noraboa!

O fogar é o que sentes


Os seres humanos somos capaces de sentir. “Sentir” non só é percibir por calquera dos sentidos, tamén se refire a ter sentimentos, sensacións. Ambas as dúas palabras están relacionadas cos nosos estados de ánimo, principalmente polo impacto que cousas, lugares ou persoas do noso arredor teñen sobre nós mesmos. Madrid. Madrid é un deses lugares que che deixan unha marca ben fonda. É unha cidade chea de vida e de enerxía, polo que está cargada de emocións novas para unha persoa que nunca estivo aí.

Unha rapaza nova chamada Ana decatouse disto, e escolleu esta cidade para ir estudar á Universidade, a pesar de que tiña outras opcións tamén moi dignas de valorar. Ela vén dunha pequena vila no norte de Galicia, onde as oportunidades son máis que escasas e a capacidade de imaxinación ten un límite finito. A falta de mundo faulle pensar como será isto, e aquilo, e aquel. Mais cedo tivo a oportunidade de darlle resposta aos seus pensamentos grazas a esta cidade. Tanta xente, lugares inimaxinábeis e, polo tanto, novas sensacións, sentimentos, e emocións. Coa súa chegada á capital, a vida xa semellaba doutra maneira. A Universidade, os novos amigos, os novos descubrimentos, todo novas experiencias.

Ela chegou un 13 de setembro, sen ter moita idea de como situarse nesa cidade inmensa na que só estivera un par de veces para visitar á familia. Un día dispúxose a saír a coñecer o que sería o seu fogar nos próximos catro anos, ou quen sabe, quizais máis. As rúas eran fermosas, cheas de bares e restaurantes de todo tipo con decoracións florais, con rotondas que contiñan fontes con esculturas maxistras. A xente sorrinte coa que se atopaba polas rúas facía que o seu corazón se enchera de alegría. Os locais tan extravagantes que contiñan cantidades infinitas de cousas novas para ela facían que mil ideas lle chegaran á cabeza. A

diversidade cultural sorprendeuna, mais dunha forma grata, vendo a convivencia de razas nun mesmo lugar, sentiu agarimo.

Non obstante, a pesar destas maravillosas vistas que ela presenciaba, ningún lugar lle fixera sentir tanto como do que vos vou falar a continuación. Atopouno un día paseando coa súa tía e o seu can. Un parque. Non era o típico parque para nenos pequenos no que xogaban ata fartar sen descanso, non. Era un parque natural, cheo de árbores, de xente paseando cos seus cans, cuns atardeceres magníficos. Nese mesmo momento, ao ver toda a natureza, os paxaros, todo, recordou. Casa. Foi a palabra que lle chegou á mente. Galicia, terra de natureza, de fermosos bosques, de animais salvaxes e non tan salvaxes, de brisa mariña. Á rapaza entráralle a curiosidade, quería saber como se chamaba aquel sitio que lle chamara tanto a atención. “Dehesa de la Villa”, díxolle súa tía. Aquel lugar foi o máis parecido a fogar que atopara nesa cidade dende a súa chegada. Os atardeceres traíanlle recordos da praia, a súa casa estaba situada preto dela, polo que estaba acostumada a velos todos os días antes de cear. A pesar de que este lugar era o máis parecido ao fogar co que se atopara en Madrid, era comparable, mais era único. Era un raio de luz nunha cidade que ás veces estaba sumida na oscuridade. Alí podías respirar aire fresco e escapar dunha polución que sumía o ambiente. Agora, de vez en cando, pasa por alí, non tanto



como lle gustaría, pois a vida da Universidade non lle deixa todo o tempo libre que ela quere-ría. Decatouse de que ese lugar encherá o seu corazón cunha boa dose de morriña e felicidade para unha boa tempada.

Aquí foi onde Ana se decatou de que non só hai lugares que son fogar, senón que tamén hai sentimentos, emocións e sensacións que che producen a seguridade do fogar, e que en conxunto co lugar en si, forman unha gran combinación.

Ana Novoa Paz

Saudade de ti

Lindas flores rozas atravessam esta foto cobrindo uma parte do Palácio Real de Madrid para nos lembrar que a primavera chegou. As paisagens vestem-se de cores muito vivas. É o mês mais bonito do ano, onde depois de muitos meses de frio começa a chegar a calor, mas aquele calor que agrada a todo o mundo. É uma calor que conquista as pessoas e as rodeia de uma áurea de felicidade. A paisagem transmite calma e serenidade para qualquer pessoa que pasa por estes jardins. Na primavera, esses jardins imensos são ocupados por criançasbrincalhonas que correm de lá para cá, de avós e avós que olham cansados para os seus netos desde um banvo e de casais que passeiam admirando a linda paisagem. A sensação de estar neste parque é muito boa porque esqueces que estás numa cidade grande. O barulho dos carros é substituído pelos passarinhos cantando e o estresse da metrópole desaparece no rosto de todas as pessoas.

Passei a minha infância de parque em parque. O meu avô levava-me sempre. Conhecíamos todos os parques e a cada um o bautizávamos de uma maneira diferente. Madrid é uma cidade com grandes parques e todos estão muito bem cuidados, mas este é o mais bonito. Este parque o chamávamos de “parque do lobo” e eu passava as tardes inteiras escutando historias de lobos que ele inventava para me divertir. Só tenho lembranças boas dessa época da minha vida e cada vez que vou a um parque aquele ambiente de familiaridade, de conforto e aquele ar puro alegram o meu dia. O meu avô passou os seus últimos meses de vida no hospital porque estava muito doente. Ele sofria muito pela dor que sentía, mas mesmo assim sempre que eu ia vê-lo ele prometia-me que me levaria ao parque quando saísse do hospital. Ele deixava a dor dele de lado para me

fazer mais feliz. Ele era um anjo. Ele, mesmo sabendo que infelizmente não sairia de lá, nunca se rendeu, a maior vontade dele era ir a um parque.

Era o nosso refúgio, esses jardins têm o poder de te teletransportar até outra dimensão onde tudo é felicidade e não existem preocupações. Mas isso nunca aconteceu, nunca mais voltei a um parque com ele. Desde que ele não está mais aqui as histórias de lobos já não têm mais graça porque não é ele quem as conta. Nos passeios por Madrid sempre sentirei saudade de segurar a mão dele para atravessar a rua e escutar-lhe reclamar da velocidade dos carros. Sentirei saudade também das sandes e do sumo deitados na sombra de uma árvore. E por isto que esse parque vai ter sempre um pedacinho do meu avô e o meu coração vai sempre apertar quando eu me lembrar da minha infância e do meu futuro sem ele. Sempre sentirei saudade de ti, avô.

Claudia Iemmolo Barroso



O parque que reúne o mundo inteiro

O seu poder é único, atrair pessoas de todo o mundo.

Visitam-no namorados, anciãos, jovens e aqueles que destrozados pelo um amor caminham para se refugiar no seu esplendor. Também há alguns que vão para lembrar momentos que viveram com pessoas que por qualquer motivo já não estão na sua vida.

Mas há alguns que aproveitam o seu talento para cantar, dançar ou fazer rir a gente e ganhar alguma recompensa. Cada quem vai por algo que lhe faz bem ou que lhe faz lembrar o que poderia ter sido e não foi.

Se vivem encontros e momentos inesperados, pode acontecer que algum namorado perca

o medo e peça a mão da sua prometida ao redor de todos e contagiados da emoção aplaudam sem parar. Ou alguém encontre o amor da sua vida, sem mais, sem pesquisa-lo, pode acontecer de tudo, inclusive pode chorar um coração destruído.

Eu fui testemunha e ainda sou, porque:

Vejo pessoas felizes, vejo os estrangeiros tirar a sua primeira fotografia, vejo mulheres grávidas com vontade de que o seu filho veja o que ela contempla, vejo anciãos e dou-me conta que o seu amor é infinito e também vejo aqueles que pela alguma razão moram na rua, vejo meninos jogar, correr e lembro-me de quando ao meu redor tudo era inocência.

Vejo diversidade, pessoas com vontade de ser livres na sociedade, vejo a construção de uma amizade verdadeira. Simplesmente vejo o mundo num lugar tão pequeno, onde nunca se vai saber porque acontecem tantas coisas.

Cada quem vive à sua maneira, uns lutam por sobreviver e outros tentam morrer sem reparar conta. Mas é inevitável não ver histórias.

Sim, histórias que marcam a vida das pessoas, histórias que não podem ser esquecidas ou talvez histórias que houvera sido melhor não viver, segredos que se tentam levar até à morte e acontecimentos que sem querer levam-nos a outro mundo.

Eu só posso dizer uma coisa: tudo na vida é uma experiência mais são os lugares como estes que fazem que vejas que a vida é maravilhosa, que há esperança.

José Luis Herrera Valderrama

